

## **RESOLUCIÓN REITORAL DO 17 DE FEBREIRO DE 2025 POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA DE SOLICITUDE DE CONSULTA PREVIA DO EXPEDIENTE AO ABEIRO DO DISPOSTO NO REGULAMENTO EN MATERIA DE RECOÑECIMENTO E TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS PARA OS ESTUDOS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

O Regulamento en materia de recoñecemento e transferencia de créditos para os estudos oficiais de Grao e Máster da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado por acordo do Consello de Goberno do 24 de xullo de 2024, introduce a posibilidade de solicitar unha consulta previa do expediente para os efectos de ser informado das materias e actividades recoñecibles nunha titulación impartida pola Universidade de Santiago de Compostela.

Atendendo á entrada en vigor do citado Regulamento o pasado 1 de febreiro de 2025 e ao recollido na disposición adicional segunda, que recolle a posibilidade de que a Reitoría poida autorizar prazos ou convocatorias específicas de presentación de solicitudes de consulta previa, cómpre o ditado desta resolución reitoral para dar publicidade ao procedemento que deben seguir as persoas interesadas na dita consulta previa.

Por todo o anterior, en uso das atribucións conferidas pola Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario e polos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, a Reitoría

RESOLVE,

### **Primeiro. Solicitud e documentación**

1. A persoa interesada deberá presentar a súa solicitude no Rexistro a través da sede electrónica da USC, dirixida ao centro responsable da titulación de destino na USC, indicando como asunto da solicitude “Consulta previa do expediente”.
2. Xunto coa solicitude, deberá achegarse a seguinte documentación xeral en formato dixital:
  - a) Documento acreditativo do pagamento da tarifa “Estudo do expediente” por importe de 27,09 euros.
  - b) Documento no que se recolla o cadro ou relación das materias ou actividades das que se solicita o recoñecemento. A persoa interesada poderá incluír opcionalmente unha táboa orientadora non vinculante coas materias e actividades de orixe que darán lugar, de ser o caso, aos recoñecementos oportunos.

c) Documentación xustificativa nos termos recollidos no artigo 19 do Regulamento en materia de recoñecemento e transferencia de créditos para os estudos oficiais de Grao e Máster da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado por acordo do Consello de Goberno do 24 de xullo de 2024, dispoñible no Taboleiro na seguinte ligazón: <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anuncio/127856/carga.htm>

## **Segundo. Tramitación e informe**

1. Examinada a solicitude polo centro, no caso de precisarse emenda pola persoa interesada, daráselle traslado por un prazo de 5 días hábiles. De non atender á emenda, entenderase desistida.

A falta de pagamento da tarifa con carácter previo á presentación da solicitude determinará o arquivo desta.

2. Cando tras o oportuno exame, a solicitude presentada estea completa, o centro emitirá informe no prazo máximo de 2 meses, no que se recollerá un estudo do expediente achegado cos datos mínimos recollidos no anexo desta resolución. O dito informe será notificado á persoa interesada.

A falta de emisión do informe no prazo sinalado non poderá ser obxecto de recurso e non implicará a aceptación, de ser o caso, da proposta de táboa orientadora das materias e actividades de orixe ou de calquera outro contido recollido na solicitude.

3. O dito informe non producirá os efectos dunha resolución de recoñecemento, nos termos indicados no artigo 6 do Regulamento en materia de recoñecemento e transferencia de créditos para os estudos oficiais de Grao e Máster da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado por acordo do Consello de Goberno do 24 de xullo de 2024.

4. A validez temporal do informe derivado da consulta previa estará suxeita ás posibles modificacións que se operen no tempo transcorrido desde a súa emisión, en especial, no expediente da persoa interesada, así como nos plans de estudo das titulacións de destino.

En todo caso, entenderase que o informe perderá vixencia nos supostos de modificación ou extinción da titulación de destino na USC e/ou polo transcurso de 12 meses desde a súa emisión.

## **Terceiro. Prazo de presentación de solicitudes de consulta previa**

1. O prazo de presentación de solicitudes ao abeiro desta convocatoria estará aberto todo o ano.

2. Nos supostos en que o acceso á universidade precise do recoñecemento dun mínimo de créditos en aplicación da normativa de acceso e/ou continuación de estudos, a consulta será obrigatoria segundo o disposto no artigo 6.3 do Regulamento en materia de recoñecemento e transferencia de créditos para os estudos oficiais de Grao e Máster da

Universidade de Santiago de Compostela, aprobado por acordo do Consello de Goberno do 24 de xullo de 2024, e rexeráse polos prazos específicos de cada convocatoria.

Nos ditos supostos, se existe un informe vixente nos termos sinalados no punto Segundo. 4., a persoa interesada poderá optar por presentar dito informe xunto coa súa solicitude, sen necesidade de novo pagamento da tarifa de 'Estudo do expediente', ou cursar unha nova petición de consulta previa no marco da convocatoria específica, e procederá ao aboamento da dita tarifa segundo o disposto no punto Cuarto desta resolución.

Así mesmo, no caso de que se presentase unha solicitude de consulta previa e no marco do prazo dos 2 meses previstos para a emisión do informe, se publicase unha convocatoria específica nos termos sinalados neste apartado, a persoa interesada en concorrer, poderá optar por achegar a acreditación da súa solicitude de informe previo, que pasará a integrarse no marco da dita convocatoria e nos prazos previstos nesta. Nestes supostos, non será preciso un novo pagamento.

#### **Cuarto. Pagamento**

A persoa interesada, con carácter previo á súa solicitude, deberá proceder ao pagamento da tarifa "Estudo do expediente" por importe de 27,09 euros. Unha vez practicada a autoliquidación na seguinte ligazón: [https://matricula.usc.es/autoliquidacions/Frm\\_Economica\\_Autoliquidaciones.asp](https://matricula.usc.es/autoliquidacions/Frm_Economica_Autoliquidaciones.asp) seleccionando no Concepto, a opción Servizos académicos - Prezos servizos académico-administrativos, con indicación do importe 27.09€ e engadindo no campo observacións Consulta previa.

O xustificante do dito pagamento debe achegarse coa documentación segundo o indicado no punto Primeiro. 2.

#### **Quinto. Solicitudes presentadas con anterioridade**

No caso de que se presentaran solicitudes con anterioridade á publicación desta resolución, as persoas solicitantes serán informadas a través de medios electrónicos da necesidade de emenda, de ser o caso, sen que se proceda automaticamente ao arquivo das ditas solicitudes. De non emendarse no prazo de 5 días, entenderase que decaen da súa solicitude inicial.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Antonio López Díaz

O reitor

## ANEXO

### Informe

Centro:

REF: 2025/XX

Asunto: Consulta previa

**Datos da solicitude de consulta previa:**

DNI/PSSP:

Nome e apelidos:

Estudos para os que fai a solicitude: **GRAO/MÁSTER EN \*\***

**Descrición da solicitude:** Con data do **\*/\*/2025**, solicita a consulta previa do seu expediente nos estudos de **Grao/Máster en \*\* da Universidade de \*\***, polos correspondentes do **Grao/Máster en \*\*** que se imparte na **Universidade de Santiago de Compostela (USC)**.

En virtude do disposto no Regulamento en materia de recoñecemento e transferencia de créditos para os estudos oficiais de Grao e Máster da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado por acordo do Consello de Goberno do 24 de xullo de 2024, e da información subministrada pola persoa interesada na súa solicitude, EMÍTESE INFORME da seguinte correlación:

[Orixe] ----- [Destino]

Este documento ten carácter exclusivamente informativo e non é vinculante. En ningún caso implicará a admisión na Universidade de Santiago de Compostela.

A súa validez temporal estará suxeita ás posibles modificacións que se operen no tempo transcorrido desde a súa emisión, en especial, no expediente da persoa interesada, así como nos plans de estudo das titulacións de destino.

En todo caso, entenderase que o informe perderá vixencia nos supostos de modificación ou extinción da titulación de destino na USC e/ou polo transcurso de 12 meses desde a súa emisión.

O/A decano/a/director/a do centro

O/A coordinador/a da titulación

Documento asinado dixitalmente de conformidade coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ((BOE nº 236, 2 de outubro de 2015).

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,  
17/02/2025 13:01:24.

**CSV:** E4FF-6689-4C04-9365